

Acordo do 21 de novembro de 2025 do Departamento Territorial da Coruña, de levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados por unha instalación eléctrica, no concello de Rois (expediente IN407A 2024/365-1).

Outorgada a declaración de utilidade pública que leva implícita a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola instalación eléctrica denominada LMT, CT, RBT en Meana, no concello de Rois (expediente IN407A 2024/365-1), por resolución deste departamento territorial, do 8 de setembro de 2025, a favor da entidade beneficiaria UFD Distribución Electricidad, SA, con enderezo en avenida de Arteixo, 171, 15008 – A Coruña.

Este departamento territorial, de conformidade cos artigos 52 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954, e 56 do seu Regulamento, do 26 de Abril de 1957, acorda sinalar o día **10 de febreiro de 2026** para o levantamento das actas previas á ocupación, nas que se describirán os bens ou dereitos expropiables e de imposición de servidume de paso de enerxía eléctrica, contidos na relación de fincas que se exporán xunto con este acordo no taboleiro de edictos do concello de Rois, deducida da que se someteu a información pública no DOG do 12.6.2025, no BOP do 29.5.2025 e no xornal *La Voz de Galicia* do 5.6.2025, acto ao que deberán concorrer as persoas propietarias ou titulares de dereitos sobre as fincas propostas como afectadas, ás que se lles practicará notificación individual sinalándoselles os horarios de toma de datos sobre o terreo e do levantamento efectivo das actas nas oficinas da casa consistorial do dito concello.

Así mesmo, cando as persoas propietarias ou titulares de dereitos sobre as fincas afectadas sexan descoñecidas ou se ignore o lugar de notificación ou ben, intentada esta, non se puidese practicar, publicarase un anuncio desta convocatoria no taboleiro de edictos único (TEU) do *Boletín Oficial del Estado*.

A Coruña, 21 de novembro de 2025.

Isidoro Martinez Arca

Director Territorial da Coruña

